



# INSTRUCCIÓN PARA A MATRÍCULA 2023/24

## I. Solicitude de matrícula (dispoñible en <https://csmcoruna.com/secretaria/>)

Número **mínimo** de créditos: **30**

Número **máximo** de créditos: **75**

Será **obligatorio matricularse** de:

- Disciplinas de **formación básica** (marcadas en azul no impreso de matrícula)
- **Instrumento** na especialidade de Interpretación
- **Instrumento principal** na especialidade de Pedagogía
- **Composición** na especialidade de Composición
- **Dirección de Orquestra e Dirección de Coro** na especialidade de Dirección
- **Disciplinas pendentes**. Neste caso, realizarase a matrícula de dous cuatrimestres consecutivos, independentemente do cuatrimestre no que se impartan, agás no caso de disciplinas colectivas, no que se poderá matricular só dun cuatrimestre se este corresponde ao segundo cuatrimestre do curso natural.

Deberase consultar o expediente no Códex, previamente á formalización da matrícula, para verificar as disciplinas superadas e as que quedan por superar. O alumnado que se matricule de 4º curso deberá asegurarse do número de créditos de optativas que ten superados e os que faltan por cursar en función da especialidade/itinerario (pode consultar na páxina web do conservatorio o [plan de estudos correspondente](#)).

En caso de querer matricularse de disciplinas de cursos posteriores ao correspondente, haberá que matricularse tamén das disciplinas obrigatorias dese curso, sen que iso poida exceder o número máximo de créditos.

Para os efectos de cómputo de máximo e mínimo de créditos non se terán en conta os créditos de disciplinas das que se solicita o recoñecemento.

### MATRÍCULA NAS MATERIAS OPTATIVAS (ALUMNADO DE 3.º E 4.º)

As materias optativas serán ofertadas unha vez que comece o curso, non antes; por tanto, **HAI QUE ABOAR OS CRÉDITOS DAS MATERIAS OPTATIVAS NO MOMENTO DA SÚA MATRÍCULA ESPECÍFICA**, para a que se establecerán os prazos oportunos que se anunciarán coa suficiente antelación.



## 2. Pagamento do seguro escolar e mais da matrícula

### 1. Seguro escolar (só menores de 28 anos)

**Ingresar 1,12 euros** na conta **ES04 2080 0042 5931 1000 0181**

Destinatario: Conservatorio Superior de Música

Concepto: Seguro Escolar + nome da/o alumna/o

Haberá que presentar o resguardo do pagamento no momento de presentar a matrícula.

### 2. Matrícula do alumnado de 2.º ano e seguintes

Modelo de liquidación dos prezos públicos dispoñibles en:

- ➔ Oficina Virtual Tributaria da Axencia Tributaria de Galicia <https://ovt.atriga.gal>. Aquí pódense descargar os modelos de liquidación de prezos públicos e/ou realizar o pagamento telemático.
- ➔ No propio centro: modelo E de liquidación (posteriormente, hai que acudir a unha entidade bancaria colaboradora para realizar o aboamento).

Consulta os códigos en <https://i.gal/codigosmatricula>

#### **Prezos públicos** (establecidos no [Decreto 89/2013, do 13 de xuño](#))

Matrícula	<b>7,80 €</b> por crédito ECTS 1.ª matrícula
	<b>11,50 €</b> por crédito ECTS 2.ª matrícula (materias cuxa última nota fose Suspenso, Non presentado ou AC)
Servizos xerais*	<b>13 €</b>
	Será de pagamento único; de fraccionar a matrícula, aboarase no primeiro prazo.

\*O alumnado que curse simultaneamente dúas ou máis especialidades só pagará este concepto nunha delas.

#### *Fraccionamento da matrícula*

O alumnado poderá aboar a totalidade da matrícula ou fraccionar o pagamento en dous prazos: o 50% no momento de formalizar a matrícula (máis a apertura de expediente e servizos xerais) e o resto durante o mes de xaneiro do ano seguinte.

En todo o caso, a persoa titular da conta deberá cubrir e asinar o **Documento para pagamento do 2.º prazo**, nomeadamente o código de conta cliente (IBAN) onde desexa que se lle realice o cargo no mes de xaneiro do ano vindeiro. Importante! Cómpre que a conta sexa dunha entidade bancaria colaboradora coa Xunta de Galicia ([consulte aquí a relación das ditas entidades](#)).

#### *Bolsas e axudas ao estudo*

O alumnado que solicitara bolsa deberá acreditarlo coa correspondente documentación xustificativa de tela solicitado, para o que deberá presentar xunto coa matrícula a copia da solicitude.

Se solicita a bolsa, **IMPORTANTE!**

- ☞ **NON ABOE** os prezos públicos dos créditos de primeira matrícula nin dos servizos xerais. Este trámite fica pendente até que entregue na oficina administrativa do centro a resolución estimatoria ou desestimatoria.
- ☞ **ABOE** os créditos de segunda e posteriores matrículas (este pagamento non se poderá fraccionar).
- ☞ O recoñecemento de créditos non está incluído na bolsa, polo que terá que aboar o importe logo da súa resolución.

### Aplicación de bonificacións e exencións de prezos públicos

O alumnado que solicite a aplicación dunha bonificación ou exención de prezos públicos deberá achegarlle á oficina administrativa do conservatorio a documentación oficial acreditativa orixinal ou copia compulsada (de modo presencial, a través dun rexistro público ou do correo postal).

Bonificacións / Exencións	50% dos prezos públicos	100% dos prezos públicos	Bonificación na matrícula
Familia Numerosa Xeral	X		
Familia Numerosa Especial		X	
Persoas con discapacidade $\geq 33\%$		X	
Vítimas violencia de xénero (+ fillas e fillos)		X	
Vítimas de actos terroristas (+ cónxuxes e fillas e fillos)		X	
Matrículas de honra			Bonificación do importe da matrícula da(s) materia(s) en que obtivera a “matrícula de honra” no curso anterior
Funcionariado dos corpos docentes LOE			100% créditos 1.ª matrícula (hai que aboar a apertura do expediente e os servizos xerais)

### 3. Recoñecemento de créditos

Deberá presentarse a [solicitud de recoñecemento de créditos](#) e a documentación acreditativa orixinal (ou copia compulsada) correspondente no momento de realizar a matrícula. Con carácter excepcional, en caso de non poder presentar a dita documentación nese momento, poderase presentar até o 9 de setembro.

En caso de solicitar o recoñecemento de créditos por actividades artísticas, na columna esquerda (disciplina cursada) describirase a actividade que se desenvolveu e que se presenta como obxecto de recoñecemento.

O alumnado ten que aboar tanto o importe correspondente por matrícula por créditos ECTS, como o importe por recoñecemento de créditos ECTS que solicite. En canto o centro e o alumnado teñan coñecemento da resolución definitiva de recoñecemento de créditos ECTS, o centro devolverá os prezos públicos correspondentes á/s matrícula/s das disciplinas recoñecidas, pero non procederá en ningún caso a devolución de importes por recoñecemento de créditos ECTS solicitados.